

**P  
R  
O  
G  
R  
A  
M  
A  
S**

**Curso  
Ponte  
ao  
Grao**



**2019-2020**

# ÍNDICE

## *1º Cuadrimestre*

Páx

- 
- **Teorías e Modelos de Intervención en T.S. (Obrigatoria)..... 4**
  - **Xestión de Organizacións (Obrigatoria).....8**
  - **Mediación e Xestión do Conflito en T.S. (Optativa).....13**
  - **TS, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural (Op.)..... 17**

## *2º Cuadrimestre*

Páx

- 
- **Historia dos Sistemas de Benestar (Formación Básica).....24**
  - **Investigación e Diagnose en T.S. (Obrigatoria).....28**
  - **Política Social e Traballo Social (Obrigatoria).....32**
  - **Traballo Fin de Grao (Obrigatoria).....36**

*1º Cuadrimestre*

---

# G3171221 - Teorías e Modelos de Intervención en Trabajo Social (O Trabajo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Segundo Curso

## Profesora: Rocío Gómez Juncal

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender criticamente as diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas en Trabajo Social.
- Ser capaz de analizar a natureza das relacións entre profesionais e usuarios, e as potencialidades e dificultades que as marcan, tendo en conta os aspectos relativos ao xénero e á diversidade cultural.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para diferentes ámbitos de atención.
- Coñecer os modos de implicar aos usuarios dos servizos de Trabajo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influír nos factores que afectan ás súas vidas.

#### Contidos

- I. Introducción aos modelos de intervención en Trabajo Social.
- II. Os modelos psicodinámicos (psicosocial, funcional e solución de problemas).
- III. O modelo conductista.
- IV. O modelo cognitivista.
- V. O modelo de intervención en crise.
- VI. O modelo centrado na tarefa.
- VII. O modelo humanista-existencial.
- VIII. Os modelos críticos.
- IX. O modelo de xestión.
- X. O modelo de redes.
- XII. Os modelos sistémicos.
- XI. Modelo de Atención Centrada na Persoa.

#### Bibliografía básica e complementaria

##### BÁSICA:

- Escartín, M. J. (1992). *Manual de Trabajo Social. Modelos de práctica profesional*. Alicante: Aguaclara.
- Fernández García, T. (Coord.). (2009). *Fundamentos del Trabajo Social*. Madrid: Alianza Editorial.
- Fernández García, T. e Ponce de León, L. (2012). *Trabajo Social individualizado. Metodología de intervención*. Madrid: Ediciones Académicas.
- Fernández-Riquelme, S. (2015). *Teoría de la intervención social. Fundamentos y modelos para el Trabajo Social*. Murcia: Diego Marín.

- Payne, M. (1995). *Teorías contemporáneas de Trabajo Social. Una introducción crítica*. Barcelona: Paidós.
- Pra, M. (2000). *Modelos teóricos del Trabajo Social*. Buenos Aires: Lumen-Humanitas.
- Ranquet, du M. (1996). *Los modelos en Trabajo Social. Intervención con personas y familias*. Madrid: Siglo XXI.
- Viscarret, J. J. (2007). *Modelos y métodos de intervención en Trabajo Social*. Madrid: Alianza Editorial.

#### COMPLEMENTARIA:

- Arricivita, A. L. (2013). *Manual para trabajadores sociales y otros profesionales de la ayuda*. Huesca: Psicosocial y emergencias.
- Fernández, J. M. (1999). *Manual práctico de apoyo psicológico en situaciones de emergencia*. Granada: Grupo editorial universitario.
- Howe, D. (1999). *Dando sentido a la práctica*. Granada: Maristán.
- Lascorz, A. (1995). Modelos de intervención en Trabajo Social. *Área Social*, 1, 125-135.
- Navarro, C. J. (Coord.). (2004). *Intervención metodológica en Trabajo Social: Estrategias de intervención y contexto en Trabajo social*. Zaragoza: Libros Certeza.
- Robles, J. I. e Medina, J.L. (2002). *Intervención psicológica en catástrofes*. Madrid: Síntesis.
- Turner, F. J. (2011). *Social work treatment. Inerlocking theoretical approaches*. Oxford: Oxford University Press.

#### Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

##### a) Competencias xerais:

1. Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento en este campo.
2. Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
3. Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe nel ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

##### b) Competencias específicas:

1. Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias.
2. Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
3. Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais.
4. Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

##### c) Competencias transversais:

1. Capacidade de análise y síntese.
2. Capacidade de comunicación oral e escrita.
3. Capacidade de razoamento crítico.
4. Capacidade de aprendizaxe autónomo.

5. Capacidade de motivación pola calidade.

### **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combinará a docencia expositiva, interactiva e titoría en grupo reducido co traballo do alumnado fóra da aula, promovendo a aprendizaxe autónoma e significativa.

Preténdese que o alumnado participe activamente na construción do coñecemento a través do manexo da bibliografía e da resolución de casos aos que deberá aplicar destrezas de observación, análise e interpretación da información.

Realizaranse sesións presenciais nas que o/a profesor/a dinamiza, orienta, e supervisa o traballo autónomo do alumnado en grupos reducidos. Así mesmo, permite facer un seguimento e orientación do alumnado na realización das tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento persoal ou colectivo da docencia expositiva e interactiva. Nestas sesións realizarase un seguimento do traballo a realizar na materia. A asistencia será obrigatoria para poder presentar o traballo.

Na titoría de grupos reducidos se presentará un tema grupal elaborado ao longo do curso, elaborado en 2 sesións interactivas que se destinarán a tal efecto.

### **Sistema de avaliación**

A avaliación da materia descansa sobre:

1) A realización dun exame acerca dos contidos teóricos impartidos, ao que corresponderá o 60% do peso na cualificación final.

2) Unha avaliación continua a través da participación e a realización de traballos, cun peso do 40% na cualificación final.

O contido da avaliación continua será: (a) a lectura de textos e realización de exercicios sobre os textos (1 punto), (b) presentación grupal dun tema presentado na titoría de grupos reducidos (1 punto) e (c) elaboración dun dossier de esquemas dos distintos modelos de Traballo Social (2 puntos).

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirán un sistema de avaliación alternativo, que lles concretará a profesora.

Observacións:

1. A ausencia inxustificada ás clases conleva a imposibilidade de presentar os traballos correspondentes ou outros que se solicitasen como compensatorios.

2. Será necesario ter aprobados tanto o exame como a avaliación continua para superar a materia.

Sistema de recuperación:

- Recuperación do exame: na data oficialmente establecida.

- Recuperación da avaliación continua: Presentación dos traballos que se estipulen.

- Neste curso, as persoas que teñan superada unha parte da materia e a outra suspensa, só terán que realizar a recuperación desta última, gardándose a cualificación da parte superada durante o presente curso.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións. 4 horas

Total: 99 horas

### **Recomendacións para o estudo da materia**

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial das clases expositivas e interactivas co traballo persoal dos estudantes. A asistencia a clase é clave para que o alumno/a poida construír o corpo teórico da asignatura.

A participación en clase é fundamental para a integración dos contidos e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase manter un contacto periódico coa profesora da materia, así como levar os contidos ao día.

Do mesmo xeito, recoméndase ter cursadas as materias de: Fundamentos de Traballo Social, Historia de Traballo Social e Ética e Traballo Social.

# G3171423 Xestión de Organizacións (Ferramentas Legais e Organizativas para o Traballo Social) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Cuarto curso

## Profesora: Rocío Gómez Juncal

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer os elementos do funcionamento das organizacións de servizos e a achega de diferentes enfoques á xestión, o liderado e a calidade nos servizos públicos e privados.
- Adquirir destrezas de xestión do traballo en equipo, de programación do traballo e colaboración interprofesional e interinstitucional.
- Ser capaz de participar na administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.
- Adquirir capacidades de participación na xestión e dirección de institucións públicas e privadas de benestar social.
- Coñecer a responsabilidade social corporativa e as súas formas de aplicación e control da xestión de cambios nas organizacións.

#### Contidos

- I. As organizacións como sistema: concepto, tipos, estruturas e clima.
- II. Planificación estratéxica: da análise á avaliación de resultados
- III. Dirección e habilidades directivas.
- IV. Xestión do cambio e das relacións interpersoais. O liderado.
- V. A xestión de persoas no eido social.
- VI. Emprender en Traballo Social: o exercicio libre da profesión.
- VII. Intelixencia emocional: satisfacción, realidades e estratexias de prevención do Burnout e a fatiga por compaixón.
- VIII. Fundraising, o crowdfunding social.
- IX. Responsabilidade Social Corporativa e Traballo Social.

#### Bibliografía básica e complementaria

##### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Aguirre, A.A., Casillo, A.M. e Tous, D. (1999). *Administración de organizaciones: Fundamentos y aplicaciones*. Madrid: Pirámide.

Asís, A., Gross, D., Lillo, E., e Caro, A. (2005). *Manual de Ayuda para la Gestión de Entidades no Lucrativas*.

Recuperado de [http://www.pluralismoyconvivencia.es/upload/26/75/Manual\\_gestion.pdf](http://www.pluralismoyconvivencia.es/upload/26/75/Manual_gestion.pdf)

Carreras, I., Iglesias, M. e Sureda, M. (2011). *Liderazgo orientado a resultados en las ONG: Estrategia, sistemas de mediación y cuadros de mando*. Recuperado de

[http://www.solucionesong.org/ficheros/4e5c9a2122c98/Liderazgo\\_Orientado\\_a\\_Resultados\\_en\\_las\\_ONG.pdf](http://www.solucionesong.org/ficheros/4e5c9a2122c98/Liderazgo_Orientado_a_Resultados_en_las_ONG.pdf)

Carreras, I., Iglesias, M. e Sureda, M. (2010). *Transformar con éxito las ONG: El liderazgo del cambio*. Recuperado de



[http://itemsweb.esade.es/wi/research/iis/Liderazgo\\_Social/Transformar\\_con\\_exito\\_las\\_ONG.pdf](http://itemsweb.esade.es/wi/research/iis/Liderazgo_Social/Transformar_con_exito_las_ONG.pdf)

Cortés, C. (2010). *Claves para la gestión de personas en Entidades no Lucrativas*. España: Fundación Luis Vives.

Cortés, C. (Coord.). (2011). *Gestión de personas en la empresa social*. Madrid: Grupo 5.

Costa, M. e López, E. (2002). *Los secretos de la dirección: Manual práctico para dirigir organizaciones y equipos*. Madrid: Pirámide.

Coulshed, V. (1998). *La gestión del trabajo social*. Barcelona: Paidós.

Covey, S.R. (2011). *Los 7 Hábitos de la Gente Altamente Efectiva*. Barcelona: Booket.

Ena, B. e Delgado, S. (2012). Recursos Humanos y Responsabilidad Social Corporativa. Madrid: Ediciones Paraninfo.

Ferrando, M. e Granero, J. (2005). *Calidad total: modelo EFQM de excelencia*. Madrid: Fundación Confemetal Editorial.

Gibson, J.L., Ivancevich, J.M., Donnelly, J.H. e Konopaske, R. (2003). *Organizaciones. Comportamiento, estructura, procesos*. México DF: McGraw Hill.

Ginebra, G. (2010). *Gestión de incompetentes. Un enfoque innovador de la gestión de personas*. Barcelona: Libros de Cabecera.

Hernández, A. (2005). *Introducción al ejercicio libre profesional y empresarial de los trabajadores sociales*. Zaragoza: Certeza.

Hodge, B.J., Anthony, W.P. e Gales, L.M. (2003). *Teoría de la organización. Un enfoque estratégico*. Madrid: Pearson Educación.

*Ley 43/2015, de 9 de octubre, del Tercer Sector de Acción Social*. BOE, 243, de 10 de octubre de 2015.

Segarra, O. (2010). *Liderazgo peregrino. Una guía práctica para liderar el cambio*. Barcelona: Libros de Cabecera.

Vernis, A., Iglesias, M., Sanz, B. e Saz, A. (2004). *Los retos en la gestión de las organizaciones no lucrativas. Claves para el fortalecimiento institucional del tercer sector*. Barcelona: Granica.

#### BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Brafman, O. e Beckstrom, R. (2007). *La araña y la estrella de mar: la fuerza imparable de las organizaciones sin jefe*. Barcelona: Empresa Activa.

Bonache, J. e Cabrera, A. (Coords.). (2006). *Dirección de personas. Evidencias y perspectivas para el siglo XXI*. Madrid: Prentice Hall.

Cámara, L. (2005). *Planificación Estratégica. Guía para entidades sin ánimo de lucro que prestan servicios de inserción sociolaboral*. Madrid: CIDEAL.

Castiñeira, A. e Lozano, J.M. (2012). *El Poliedro del Liderazgo. Una aproximación a la problemática de los valores en el liderazgo*. Barcelona: Libros de Cabecera.

Cortés, C. (2015). *Trabajar en el tercer sector: ¿qué perfiles buscan las ONG?*. Recuperado de [http://www.compromisoempresarial.com/tercersector/ong/2015/09/trabajar-en-el-tercer-sector-que-perfiles-buscan-las-ong/?utm\\_campaign=shareaholic&utm\\_medium=twitter&utm\\_source=socialnetwork](http://www.compromisoempresarial.com/tercersector/ong/2015/09/trabajar-en-el-tercer-sector-que-perfiles-buscan-las-ong/?utm_campaign=shareaholic&utm_medium=twitter&utm_source=socialnetwork)

Chiang, M., Martín, M.J. e Núñez, A. (2010). *Relaciones entre el clima organizacional y la satisfacción laboral*. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas.

Duro, A. (2006). *Introducción al liderazgo organizacional. Teoría y metodología*. Madrid: Universidad Rey Juan Carlos.

Fernández García, T., e Ponce de León, L. (Dirs.). (2016). *Planificación y actuación estratégica de proyectos sociales*. Madrid: Pirámide.

Fundación ESADE. (2010). *El MBA de ESADE. Todos los conocimientos para alcanzar el éxito profesional*. Barcelona: Editorial Planeta.

Giraudier, M. (2004). *Cómo mejorar el clima laboral*. Barcelona: Obelisco.

GómezMejía, L., Balkin, D. e Cardy, R. (2008). *Gestión de RRHH*. Madrid: PrenticeHall.

Hartzler, M. e Henry, J.E. (1999). *Teoría y aplicaciones del trabajo en equipo: Cómo preparar equipos de trabajo eficaces*. México DF: Oxford University Press.

Hernández, J. (2010). *Guía de gestión del estrés laboral. Protocolos de detección, actuación y reconducción*. Pamplona: Aranzadi.

Morales, A.C. (2004). *Análisis y diseño de sistemas organizativos*. Madrid: Civitas.

Kotter, J. (2007). *Nuestro Iceberg se nos derrite: cómo cambiar y tener éxito en condiciones adversas*. Barcelona: Granica

Morales, A.C. (2004). *Análisis y diseño de sistemas organizativos*. Madrid: Civitas.

MorenoLuzón, M.D., Peris, F.J. e González, T. (2001). *Gestión de la calidad y diseño de las organizaciones y estudio de casos*. Madrid: Pearson.

Newell, S. (2002). *Creando organizaciones. Bienestar, diversidad y ética en el trabajo*. Madrid: Thomson.

Porret, M. (2008). *Recursos humanos. Dirigir y gestionar personas en las organizaciones*. Madrid: ESIC.

Sala, M. (2006). *El encanto de Hamelín. Secretos del liderazgo efectivo*. Barcelona: Alienta.

Sempere, A.V. e De Lorenzo, R. (Dir.). (2016). *Comentarios a las leyes del Tercer Sector de Acción Social y del Voluntariado* (Vol. II). Madrid: Aranzadi.

Varela, B. (2012). *La rebelión de las moscas. Reflexiones, principios y pautas para una organización optimista*. Barcelona: Ediciones B, S.A.

## **Competencias**

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Saber aplicar os coñecementos definitorios do Traballo Social na actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e cos colegas profesionais negociando o subministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Identificar, minimizar e xestionar o risco cara un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco.
- Desenvolver aptitudes para traballar de maneira eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinarios e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de maneira construtiva os posibles desacordos existentes.
- Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de organización e planificación.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de toma de decisións.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de creatividade.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de liderazgo.
- Capacidade de iniciativa e espírito emprendedor.
- Capacidade de motivación pola calidade.

## **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal do alumnado. Preténdese que o alumnado, individual ou en equipo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecidos no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual ou grupal, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Na titoría presencial en grupo reducido presentaranse os traballos realizados en grupo sobre unha temática proposta ao inicio do cuadrimestre..

A través das titorías individuais asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de auto-aprendizaxe.

Poderán producirse cambios na metodoloxía da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

### **Sistema de avaliación**

A avaliación da materia inclúe:

a) Unha avaliación continua(40% da nota): a través da asistencia ás sesións interactivas, a participación e a realización de traballo nas sesións interactivas, cun peso do 30% na cualificación final (10% asistencia e participación, 20% traballos); e a realización e presentación grupal do traballo que se presentará en titoría de grupos reducidos (10%).

b) A realización dun exame (60% da nota) sobre os contidos teóricos e prácticos impartidos.

Será necesario ter superado o exame teórico (3 sobre unha nota máxima de 6 puntos) poder aprobar a materia A ausencia inxustificada ás sesións interactivas levará consigo a imposibilidade de presentar os traballos compensatorios que se solicitasen.

### **Sistema de recuperación**

1. A recuperación do exame realizarase nas datas oficialmente establecidas.
2. A recuperación da avaliación continua realizarase mediante: A presentación dos traballos de recuperación que se estipulen (unha vez xustificadas as faltas) e que deberán ser entregados, como data límite, o día do exame. A recuperación da avaliación continua realizarase sobre un máximo de 3 puntos (xa que a asistencia a clase é irrecuperable e se conservará a nota obtida).
3. Neste curso aquelas persoas que teñan superada unha parte da materia (avaliación continua ou exame) e a outra suspensión só terán que realizar a recuperación desta última, gardándose a cualificación da parte superada durante presente curso académico.

### **Alumnos con exención de docencia**

Os alumnos que teñan concedida a dispensa de asistencia seguirán un sistema de avaliación alternativo ao anterior. Dito sistema constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos (70%) e a realización dun traballo titorizado sobre algún/s temas estudados (30%).

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de materiais: 20 horas

Outras tarefas propostas: 4

### **Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctico.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundar nas parcelas de

maior interese.

**Observacións**

Debido ao límite de palabras no espazo destinado á bibliografía básica e complementaria infórmase que será ampliada na guía da materia.

# G3171441 - Mediación e Xestión do Conflito en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Cuarto curso

## Profesora: Lourdes Besada Agra

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con individuos, familias, grupos e comunidades para promover cambios, desenvolvementos e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Ser capaz de aplicar as estratexias de resolución de conflitos por medio da negociación e a mediación.
- Coñecer e ter adestramento nas habilidades e técnicas que permitan a xestión de conflitos a nivel interpersoal, grupal e intergrupal.
- Ser capaz de utilizar claves verbais e non verbais para guiar a mediación.
- Ser capaz de establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención, e de aclarar e negociar a finalidade de tales contactos e os límites da súa implicación.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para a xestión e resolución de conflitos.

#### Contidos

TEMA I: A mediación como alternativa para a resolución de conflitos: Concepto e marco de referencia. Mediación e traballo social.

TEMA II: O conflito: Elementos, proceso e xestión.

TEMA III: O proceso de mediación: secuencias, fases e técnicas.

TEMA IV: A figura do mediador. Rol e competencias profesionais.

TEMA V: Marco xurídico e normativo da mediación.

TEMA VI: A mediación e os ámbitos de aplicación.

#### Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica

- Alés, J. e Mata, J.D. (2016). *Manual práctico para Mediadores. El Ministerio de la Mediación. Cómo gestionar un conflicto desde sus cenizas*. Barcelona: Atelier.
- Barona, S. (2011). *Mediación penal. Fundamentos, fines y régimen jurídico*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Boqué, M.C. (2018). *La mediación va a la escuela*. Madrid: Narcea.
- Bouché, J.H. e Hidalgo, F. (2009). *Mediación Familiar* (Vol. I). Madrid: Dykinson, S.L.
- Bouché, J.H. e Hidalgo, F. (2010). *Mediación Familiar* (Vol. III). Madrid: Dykinson, S.L.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Trabajo Social. (2013). *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 30
- Cornelius, H. e Faire S. (1998). *Tú ganas yo gano. Cómo resolver conflictos creativamente*. Madrid: Gaia ediciones.
- Diego de, R. e Guillén, C. (2008). *Mediación. Procesos, tácticas y técnicas*. Madrid: Pirámide.
- Diez, F. e Tapia, G. (1999). *Herramientas para Trabajar en Mediación*. Barcelona: Paidós.
- Fernández, S. (2009). *Teoría y práctica de la Mediación. La gestión alternativa de los conflictos sociales*. Murcia:

Editum.

- García, F. J., Vaquer, A. V. e Gomis, C. (2010). *Intervención y mediación familiar*. Castellón de la Plana: Universitat Jaume I.
- Munduate, L. e Medina, F.J. (Coords). (2011). *Gestión del conflicto, negociación y mediación*. Madrid: Pirámide.
- Poyatos, A. (Coord.). (2003). *Mediación familiar y social en diferentes contextos*. Valencia: Nau Llibres.
- Redorta, J. (2004). *Cómo analizar los conflictos: La tipología de conflictos como herramienta de mediación*. Barcelona: Paidós.
- Ripol-Millet, A. (2011). *Estrategias de mediación en asuntos familiares*. Madrid: Cometa.
- Rodríguez García, C. (2015). *Manual de Mediación Civil y Mercantil. Construyendo diálogos para gestionar conflictos*. Logroño: Universidad Internacional de la Rioja.
- Rodríguez Llamas, S. (2010). *La mediación familiar en España. Fundamento, concepto y modelos jurídicos*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Rondón, L.M. (2012). *Bases para la mediación familiar*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Six, J.F. (1997). *Dinámica de la Mediación*. Barcelona: Paidós.
- Soletto, H. (Dir.). (2013). *Mediación y resolución de conflictos: Técnicas y ámbitos*. Madrid: Tecnos.
- Souto, E. (2012). *Mediación Familiar*. Madrid: Dykinson.
- Suares, M. (1999). *La mediación. Conducción de disputas. Comunicación y técnicas*. Barcelona: Paidós.
- Suares, M. (2003). *Mediando en sistemas familiares*. Barcelona: Paidós.
- Tapia, G. e Díez, F. (1999). *Herramientas para trabajar en mediación*. Barcelona: Paidós.
- Whatling, T. (2013). *Mediación: Habilidades y estrategias. Guía práctica*. Madrid: Narcea.

#### Bibliografía complementaria

- Barranco, J. (2015). Claves y herramientas para la gestión positiva del conflicto interpersonal. En B. Cruz, J. Bembibre y J. Barranco (Coords.). *Herramientas para la reflexión de la práctica de la intervención social*(pp. 241-258). Granada: El genio maligno.
- Bernal, T. (1988). *La mediación familiar. Una solución a los conflictos de ruptura de pareja*. Madrid: Colex
- Bolaños, I. (2000). *La construcción de un espacio cooperativo en mediación familiar*. Barcelona: Paidós.
- Cáritas Española (2008). *Revista de documentación social*, 148.
- Escabajal, A. (2010). *Interculturalidad, mediación y trabajo colaborativo*. Madrid: Nancea.
- Haynes, J. M. (1995). *Fundamentos de la Mediación Familiar*. Madrid: Gaia ediciones.
- Munduate, L., Martínez, J.M. (2004). *Conflicto y negociación*. Madrid: Pirámide.
- Ripol-Millet, A. (2001). *Familias, trabajo social y mediación*. Barcelona: Paidós.
- Sastre, G. e Moreno, M. (2002). *Resolución de conflictos y aprendizaje emocional*. Barcelona: Gedisa.
- Soletto, H. (Dir.). (2011). *Mediación y resolución de conflictos: Técnicas y ámbitos*. Madrid: Tecnos.
- Tommaso de, A. (1997). *Mediación y Trabajo Social*. Buenos Aires: Espacio.
- Vinyamata, E. (1999). *Manual de prevención y resolución de conflictos: Conciliación, mediación, negociación*. Barcelona: Ariel.

#### Competencias

##### Competencias Xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento nese campo.

##### Competencias Específicas:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que

se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran dito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.
- Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural.
- Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza deste.
- Identificar, minimizar e xestionar o risco cara a un mesmo e aos colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco.
- Desenvolver aptitudes para traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinarios e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración destes contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles desacordos existentes.
- Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando estes, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados.

**Competencias Transversais:**

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de resolución de problemas
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de adaptación a novas situacións.
- Capacidade de motivación pola calidade.

### **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía empregada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas e titoría presencial en grupo reducido

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos; etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Na titoría presencial en grupo reducido, dinámizase, oriéntase e supervísase o traballo autónomo do alumnado, ao tempo que permite facer o seguimento e orientación na realización de tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento individual e colectivo da docencia expositiva e interactiva.

### **Sistema de avaliación**

A proba escrita e/ou exame terá un valor do 70% sobre a cualificación global e o peso da avaliación continua será do 30%. A puntuación da docencia interactiva terase en conta sempre que os/as alumnos/as teñan unha cualificación final dos exames igual ou superior a 2,8 sobre 7.

Na avaliación final terase en conta o desenvolvemento das actividades do alumnado, individual ou grupalmente, en relación aos seguintes aspectos e coa puntuación máxima que a continuación se relaciona:

- Exame: 7 puntos
- Asistencia a clases expositivas: 1 punto
- Asistencia ás clases interactivas nas que se traballará: discusión, reflexión e análise de casos ou supostos prácticos, realización de role-playing, e análise e discusión de textos bibliográficos: 1 punto
- Traballo grupal dos/as alumnos/as a realizar fora da aula sobre diferentes contextos de mediación: 0.8 puntos. A realización deste traballo é un requisito obrigatorio para que o/a alumno/a poida presentarse ao exame.
- A asistencia á titoría en grupo reducido (TGR): 0.2 puntos.

O sistema de control de asistencia a clase é o establecido polo centro a tales efectos.

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia á clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases interactivas, e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización de traballos escritos, a determinar entre o/a alumno/a e a profesora.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para o aprendizaxe.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Traballo persoal do/a alumno/a (total 99 Horas)

- Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 Horas.
- Exercicios: 15 Horas.
- Lectura de textos: 10 Horas.
- Elaboración e exposición de traballos bibliográficos: 20 Horas.
- Outras tarefas propostas a determinar pola profesora: 4 Horas.

### **Recomendacións para o estudo da materia**

- Asistencia e participación nas clases interactivas e expositivas.
- Colaboración e posicionamento activo nas tarefas a realizar en grupo.



# G3171443 – Traballo Social, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Cuarto curso

## Profesora: Lorena Añón Loureiro

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender de forma crítica os desequilibrios, desigualdades sociais e de poder, que xeran os mecanismos de discriminación e opresión derivados das relacións étnicas e culturais, incorporando os valores propios dunha cultura da paz e da democracia.
- Ser capaz de detectar os mecanismos de exclusión e discriminación no acceso das persoas migrantes á protección social e suscitar fórmulas para corrixilos.
- Coñecer e comprender as diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas con persoas migrantes.
- Coñecer o marco normativo de referencia dos procesos migratorios.
- Ser capaz de formular, implementar e avaliar programas sociais para persoas migrantes e coñecer o desempeño das funcións dos traballadores e traballadoras sociais na súa xestión.
- Ser capaz de aplicar estratexias de resolución de conflitos interculturais por medio da negociación e da mediación.

#### Contidos

Tema I: Procesos migratorios.

- I.1.- Conceptos básicos.
- I.2.- Historia das migracións: causas e contextos.
- I.3.- Movementos migratorios.

Tema II: Políticas migratorias.

- II.1. - Introducción ás políticas migratorias.
- II.2. - As políticas migratorias en España.
- II.3. - Estructuras administrativas: nivel estatal e autonómico.
- II.4. - Plans de acción.

Tema III: Marco xurídico: Estranxeiría aplicada ao Traballo Social.

- III.1. - A entrada en territorio español.
- III.2. - Documentos das persoas inmigrantes e outros.
- III.3. - Réxime xeral: autorizacións.

- III.4. - Réxime comunitario.
- III.5. - Legalización de documentos.
- III.6. - Infraccións á Lei de Estranxeiría.
- III.7. - Nacionalidade.
- III.8. - Dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.

Tema IV: Intervención con persoas inmigrantes dende o Traballo Social.

- IV.1. - Contextualización.
- IV.2. - Aspectos a ter en conta na intervención social con persoas inmigrantes: modelos e ferramentas
- IV.3. - Aspectos psicosociais da poboación migrante.

Tema V: Intervención con persoas migrantes en situación de maior vulnerabilidade

- V.1. - Intervención con persoas en prostitución e/ou trata con fins de explotación sexual.
- V.2. - Intervención con menores non acompañados.
- V.3. - Intervención con mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero.
- V.4. - Intervención con persoas migrantes con problemas de saúde, diversidade funcional, etc.
- V.5. - Intervención con persoas refuxiadas no contexto actual.

Tema VI: A práctica do traballo social intercultural: diversidade cultural, interculturalidade e mediación intercultural.

- VI.1. - Conceptos.
- VI.2. - Modelos de xestión.
- VI.3. - Diversidade cultural dende un marco interpretativo feminista.
- VI.4. - Principios e premisas da práctica do traballo social intercultural.
- VI.5. - Traballo social comunitario no eido das migracións e da interculturalidade.
- VI.6. - Mediación intercultural.

### **Bibliografía básica e complementaria**

#### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:**

- Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado. (2015). *Código de extranjería*. Madrid: Administración General del Estado.
- Escarbajal, A. (2009). *Educadores, Trabajadores Sociales e Interculturalidad*. Madrid: Dykinson.
- Escarbajal, A. (2010). *Interculturalidad, Mediación y Trabajo Colaborativo*. Madrid: Narcea.
- Essombra, M.A. (2012). *Inmigración e interculturalidad en la ciudad: principios ámbitos y condiciones para una acción comunitaria intercultural en perspectiva europea*. Barcelona: Graó.
- Fundación ANAFE-CITE. (2008). *La intervención social con poblaciones inmigradas: Manual para profesionales de Servicios Sociales*. Recuperado de <http://www.navarra.es/NR/rdonlyres/0C35C220-5BE4-45F0-8FA5-8BA5743EFF94/109397/00Inmigracion2.pdf>
- Galvín, I. e Franco, P. (1996). *Propuesta Metodológica para el Trabajo Social con Inmigrantes*. Madrid: Siglo XXI.
- Malagón, J.L. e Sarasola, J.L. (Coord.). (2005). *Manual de atención social al inmigrante*. Córdoba: Almuzara.
- Malgesini, G. e Giménez, C. (2000). *Guía de conceptos sobre migraciones, racismo e interculturalidad* (2ª ed.). Madrid: Catarata.
- Raya, E.E. (2006). La práctica del trabajo social con población inmigrante en España: responsabilidad ético- política, limitaciones de la perspectiva metodologicista y aportaciones de los modelos de intervención en medio pluriétnico. *Acciones e investigaciones sociales, Extra 1* (22), 85-105.

Sánchez, J. e Franco, F. (2011). *Guía para Orientación Legal en Inmigración*. Valladolid: Lex Nova.

Salazar, O. (2017). *Autonomía, género y diversidad: itinerarios feministas para una democracia intercultural*. Valencia: Tirant humanidades.

Sue, D.W. (2013). *La práctica del trabajo social multicultural*. México: Editorial Limusa.

Vidal, F. e Charaf, M. (2011). *Los aeronautas: exclusión extrema e inmigración*. Madrid: UNE.

#### BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

Abarca, A.P., Alonso-Olea, B., La Cruz, J.M., Martín, I. e Vargas, M. (2011). *Inmigración y Extranjería: régimen jurídico básico* (5ª ed.). Madrid: Codex.

Accem. (2008). *Análisis de las Migraciones: España como "Emisor" y "Receptor de Inmigrantes"*. Madrid: Accem.

Achotegui, J. (2002). *La Depresión de los Inmigrantes: Una Perspectiva Transcultural*. Barcelona: Ediciones Mayo.

Castro, A. (2011). *Sos... Soy Inmigrante: el síndrome de Ulises*. Madrid: Pirámide.

Catala, M. (Coord.). (2009). *Miradas y Voces de la Inmigración*. Barcelona: Montesinos Editor.

Izquierdo, A. (2010). *Del suelo al arraigo: La inmigración en España durante la primera década del S. XXI*. A Coruña: Universidad de A Coruña.

Izquierdo, A. e Wayne, A.C. (2012). *Política de Control Migratorio: Estudio Comparado de España y EE.UU.* Barcelona: Bellaterra.

Livi, M. (2012). *Breve Historia de las Migraciones*. Madrid: Alianza Editorial.

Marchioni, M. e Morín, M<sup>a</sup>. Luz. (2014). *El Proyecto de Intervención Comunitaria Intercultural (ICI). Una experiencia avanzada en el terreno comunitario*. Recuperado de [http://quadernsanimacio.net/ANTERIORES/veinte/index\\_htm\\_files/intervencion%20comunitaria.pdf](http://quadernsanimacio.net/ANTERIORES/veinte/index_htm_files/intervencion%20comunitaria.pdf)

Nahir, S. (2016). *Refugiados frente a la catástrofe humanitaria: una solución real*. Barcelona: Crítica.

Solanes, A. e La Spina, E. (Eds.). (2014). *Políticas migratorias, Asilo y Derechos Humanos*. Valencia: Tirant lo Blanch.

#### Competencias

##### COMPETENCIAS XENÉRICAS:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

##### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a

tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver.
- Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural.

#### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

#### **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal do alumnado. Preténdese que o alumnado, individual ou en equipo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecidos no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual ou grupal, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Na titoría presencial en grupo reducido, dinamízase, oriéntase e supervísase o traballo autónomo do alumnado, ao tempo que permite facer o seguimento e orientación na realización de tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento individual e colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías individuais asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de auto-aprendizaxe.

Poderán producirse cambios na metodoloxía da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

## Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación de exames

A avaliación mediante exames ten un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%.

É necesario alcanzar a cualificación mínima de Apto nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua. É necesario alcanzar como mínimo o 40% (1,6 puntos) da avaliación continua para poder facer a suma coa nota alcanzada no exame.

### CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA: (4 PTOS)

- Asistencia ás clases: 1 pto. (Clases expositivas: 0,5 e clases interactivas: 0,5)
- Tarefas prácticas: 3 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificaranse as actividades previstas a realizar, as pautas e a puntuación para cada unha delas.

No caso de non asistir a clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. No momento en que se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade con puntuación. Dende a data de resolución da falta o faltas xustificadas o alumnado ten un prazo de 10 días hábiles para entregar a tarefa ou tarefas.

### PERSOAS CON DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá a seguinte modalidade de avaliación:

- Exame: 60%.
- Avaliación continua: 40%.

As actividades de dispensa de asistencia colgaranse na web da EUTS ([www.euts.es](http://www.euts.es)), no apartado da materia de Traballo Social, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural, en concreto, no espazo destinado á dispensa de asistencia. Neste espazo colgaranse a maiores os pautas de entrega de traballos, as puntuacións e os prazos estipulados para a entrega das tarefas. As actividades obrigatorias que se entreguen fora do prazo estipulado, terán unha penalización se a entrega se realiza nos 3 días hábiles seguintes. A partir do cuarto día a actividade non será nin avaliada, nin puntuada.

O alumnado poderá optar ao mesmo formato de exame que as persoas que se acollen á modalidade presencial, sempre e cando superasen o 40% das actividades de dispensa de asistencia (1,6 puntos). Excepcionalmente, logo de comunicación coa docente, poderase realizar un exame específico para esta modalidade, que versará sobre os contidos teóricos e sobre contidos prácticos relacionados con exercicios elaborados na modalidade de dispensa de asistencia.

O alumnado con dispensa de asistencia terá que contactar coa docente, por correo electrónico, telefonicamente ou presencialmente, nun prazo non superior a 10 días naturais desde a data da publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

### SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de

asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir as clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado, e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

#### SISTEMA DE RECUPERACIÓN

- A recuperación do exame realizarase nas datas oficialmente establecidas.
- Os traballos realizados nas clases, só poderanse recuperar cando as faltas estean xustificadas.
- As persoas que non entregasen as actividades de dispensa de asistencia nos prazos establecidos, non poderán recuperalos na primeira convocatoria. Poderán optar a presentalos na convocatoria de nullo.

#### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Traballo persoal do alumnado:

- Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.
- Exercicios: 15 horas.
- Lectura de textos: 10 horas.
- Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas.
- Outras tarefas propostas: 4 horas.
- TOTAL: 99 horas.

#### **Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese para o alumnado.

Recoméndase a lectura da guía da materia, que se subirá á web da EUTS ([www.euts.es](http://www.euts.es)) ao inicio do cuadrimestre.

#### **Observacións**

Debido ao límite de palabras no espazo destinado á bibliografía básica e complementaria infórmase que será ampliada na guía da materia.

*2º Cuadrimestre*

---

# G3171105 – Historia dos Sistemas de Benestar Social (O Contexto Institucional do Traballo Social ) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación e xeitos de provisión dos Servizos Sociais no ámbito español e europeo, así como a estrutura xeral e a organización.

- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación e xeitos de provisión dos subsistemas de benestar social (saúde, educación, garantía de ingresos, vivenda, etc.) no ámbito español e europeo, así como a súa estrutura xeral e a súa organización.

- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación da cooperación ao desenvolvemento.

#### Contidos

I.- Política social e sistemas de benestar no marco do desenvolvemento da actividade profesional de Traballo Social. O obxecto e os mecanismos de actuación e formas de provisión desde unha perspectiva histórica.

II.- Estrutura xeral e organización estatal en relación aos sistemas de benestar.

III.- Política social e Educación.

IV.- Política social e Sanidade.

V.- Política social e Vivenda.

VI.- Política social e Emprego.

VII.- Política social e Seguridade Social.

VIII.- Política social e Servizos Sociais.

IX.- Estrutura dos sistemas de benestar nunha perspectiva europea.

X.- A cooperación ao desenvolvemento e as Administracións Públicas.



## Bibliografía básica e complementaria

- Abellán, J. (2012). *Política. Conceptos políticos fundamentales*. Madrid: Alianza.
- Alemán, C. e Garcés, J. (Coord.). (1996). *Administración Social: servicios de bienestar social*. Madrid: Ed. Siglo XXI.
- Alemán, C. e Garcés, J. (Coord.). (1998). *Política Social*. Madrid: McGraw-Hill.
- Alemán, C. e Garcés, J. (1999). *Fundamentos de bienestar social*. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- Alemán, C. e Fernández, T. (2008). *Introducción a los Servicios Sociales*. Madrid: Uned.
- Alemán, C. e Fernández, T. (2008). *Introducción al Trabajo Social*. Madrid: Alianza editorial.
- Alonso, J.M. e Gonzalo, B.(2000). *La Asistencia social y los servicios sociales en España*. Madrid: Ed. Boletín Oficial del Estado.
- Borrajo, E. (2011). *Introducción al derecho del trabajo*. Madrid: Tecnos.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales. (1986). *De la Beneficencia al Bienestar: Cuatro Siglos de Acción Social*. Madrid: Ed. Siglo XXI.
- Colom, D. e Miranda, M.(Coord.).(1998). *Organizaciones de bienestar*. Mira editores. Zaragoza.
- Colom, D. (2008). *El trabajo social sanitario*. Madrid: Siglo XXI.
- Fernández, T. e Garcés, J. (Coord.). (1999). *Crítica y futuro del Estado de Bienestar*. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- Fernández, T. e De la Fuente, Y.Mª. (Coords.). (2009). *Política social y Trabajo Social*. Madrid: Alianza Editorial.
- Giner, S. e Sarasa, S. (Coord.). (1997). *Buen gobierno y política social*. Barcelona: Ed. Ariel.
- Gutiérrez, A. e Garcés, J. (Coord.) (1999). *Los servicios sociales en las Comunidades y Ciudades Autónomas*. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- Herrera, M. (1998) *El tercer sector en los sistemas de bienestar*. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- Martín, C. (2004). *El empleo en España. Su evolución desde 1996 a 2003 y los efectos de las reformas laborales*. Madrid: Confederación Sindical de Comisiones Obreras.
- Mira-Perceval, M.T., De Alfonso, N. e Giménez, V. (2007). *Servicios Sociales: estructura dinámica, políticas y estrategias en España y la Comunidad Valenciana*. Alicante: Ed. Universidad de Alicante.
- Montagut, T. (2000). *Política Social*. Madrid: Editorial Ariel.
- Navarro, V. (Coord.).(2004). *El Estado de Bienestar en España*. Madrid: Tecnos.
- Navarro, V. (2002). *Bienestar insuficiente, democracia incompleta*. Barcelona: Anagrama.
- Navarro, V. e Torres, J. (2013). *Lo que debes saber para que no te roben la pensión*. Barcelona: Espasa.

## Competencias

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinálase que esta materia contribúe a acadar as seguintes competencias, vinculadas cos obxectivos propostos para a titulación:

### Competencias xenéricas:

-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión:  
-Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

## Metodoloxía da ensinanza

A docencia está organizada en 38 horas distribuídas en sesións na aula e impartidas ao grupo grande. Outras 9 horas a cada grupo en que se subdivide o grupo grande, distribuídas ao longo do período lectivo en 6 sesións na aula de 1 hora e 30 minutos de duración cada unha. Nas sesións na aula a docencia será de tipo expositivo, con menor participación activa do alumnado, e de tipo interactivo en que si o alumnado terá unha participación máis activa.

Docencia expositiva: A través de exposicións na aula e dando lugar á participación, o profesor explicará aspectos básicos e centrais de cada tema establecido no programa, achegando información esencial e delimitando conceptos, resaltando os aspectos relevantes e as relacións entre eles.

Docencia interactiva: O alumnado individualmente ou organizado en equipos de traballo desenvolverá actividades que requirirán unha participación activa na construción do seu propio coñecemento. Realizarase a lectura/visionado e análise de textos ou material audiovisual con debate titorizado e / ou preguntas na aula. Utilización de bibliografía, fontes estatísticas ou outros materiais vinculados ao programa académico e complementario á teoría impartida na asignatura, ben proporcionado pola profesora ou buscados e achegados polo alumnado, con exposicións por parte de este dos traballos a realizar na aula.

Titorías en grupos reducidos: no último período do cuadrimestre realizaranse sesións de titorías en grupos reducidos (en torno a unha ducía de alumnos por grupo) nos que se desenvolveran actividades orientadas á realización do exame final.

Titorías académicas individualizadas: dirixidas a orientar e asesorar as actividades e tarefas propostas ao alumnado. Así mesmo resolveranse dúbidas que se lle poidan presentar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

### **Sistema de avaliación**

Haberá un exame final será tipo test, correspondente á convocatoria oficial, que é necesario superar para aprobar a materia.

O exame final liberará o 75% da nota final.

O 25% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuábeis, e a ausencia estea xustificada, poden compensarse as tarefas coa elaboración de traballos ou exercicios que lle sexan encomendados polo profesor.

O alumnado ao que a Comisión de Título lle conceda a dispensa de asistencia deberá acordar co profesor un traballo substitutivo dos exercicios interactivos, que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente sinalada.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación cando así sexa acordado entre o profesor e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

.-Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.

.-Exercicios: 15 horas.

.-Lectura de textos: 15 horas.

.-Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas.

.-Preparación de exposicións orais: 4 horas.

### **Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da asignatura necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada da docencia para aclarar e orientar sobre bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese para o/a alumno/a.

### **Observacións**

A asignatura pertence á "Materia: Servizos Sociais" dentro do "Módulo: O contexto Institucional do Traballo Social".

# G3171224 - Investigación e Diagnose en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Segundo Curso

**Profesoras: Teresa Facal Fondo (coordinadora)**  
**M<sup>a</sup> Elena Puñal Romarís**

## Programa

### Obxectivos da materia

- Ser capaz de aplicar os diferentes modelos de investigación, diagnóstico e avaliación en Traballo Social ao longo das diversas fases.
- Comprender a relación entre investigación, diagnóstico, avaliación e práctica do Traballo Social.
- Ser capaz de utilizar os métodos e técnicas para a avaliación de necesidades, capacidades, oportunidades e riscos das persoas usuarias, de grupos e comunidades, incorporando no proceso a participación de persoas ou grupos interesados.
- Ser capaz de analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como base para revisar e mellorar as estratexias profesionais.
- Saber aplicar o coñecemento sobre boas prácticas en Traballo Social.
- Ser capaz de aplicar os modelos e métodos de valoración, incluíndo os factores que subxacen á selección e verificación da información relevante, a natureza do xuízo profesional e os procesos de avaliación de riscos.
- Ser capaz de interpretar datos sobre necesidades e problemas sociais, e sobre os resultados do Traballo Social, desde unha perspectiva non androcéntrica nin etnocéntrica.

### Contidos

- I.- Natureza e finalidade do estudo/investigación na intervención desde o Traballo Social. Secuencia do proceso.
- II.- Avaliación de necesidades: perspectivas teórico-metodolóxicas.
- III.- Construción e análise de indicadores de necesidade.
- IV.- Diagnóstico: natureza, finalidade e elementos constitutivos. Diferentes enfoques.
- V.- Toma de decisións: proceso e técnicas.

### Bibliografía básica e complementaria

#### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Aguilar, M. J. e Ander Egg, E. (1995). *Diagnóstico Social. Conceptos y Metodología*. Buenos Aires: Lumen.

Aguilar, M. J. (2013). *Trabajo Social. Concepto y metodología*. Madrid: Paraninfo.

Callejo, J. e Viedma, A. (2006). *Proyectos y estrategias de Investigación Social. La perspectiva de la intervención*. Madrid: McGraw-Hill.

Callejo, J. (Coord.). (2009). *Introducción a las técnicas de investigación social*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces.

- Caparros, N. e Raya, E. (Coords.). (2015). *Métodos y técnicas de investigación en Trabajo Social*. Madrid: Grupo5.
- Escalada, M., Fernández, S., Fuentes, M.P., Koumrouyan, E., Martinelli, L. e Travi, B. (2001). *El Diagnóstico Social. Proceso de conocimiento e intervención profesional*. Buenos Aires: Espacio Editorial.
- Facal, T. (2015). *Guía para elaborar un proyecto de investigación social*. Madrid: Paraninfo.
- Sarasola, J.L. (Coord.). (2016). *Investigación, Diagnóstico y Evaluación en Trabajo Social*. Sevilla: Universidad Pablo Olavide.
- BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA**
- Ander Egg, E. (1987). *Investigación y Diagnóstico para el Trabajo Social*. Buenos Aires: Humanitas.
- Colom, D. (2012). *El diagnóstico social sanitario*. Barcelona: Editorial OUC.
- García Herrero, G.A. (2008). Reflexiones y utilidades sobre el diagnóstico social y la programación de la intervención social. Ecos de Mary Richmond. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 83, 9-38.
- García-Longoria, M.P. e Esteban, R.M. (2016). *Análisis y diagnóstico en Trabajo Social*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Martín Muñoz, M. (2003). *Manual de indicadores para el diagnóstico social*. Recuperado o 25 de maio de 2010 de [www.diagnosticosocial.com](http://www.diagnosticosocial.com)
- Ovejas, C. (2008). Herramienta de diagnóstico e intervención social. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 83, 47-68.
- Perelló, S. (2009). *Metodología de la investigación social*. Madrid: Dykinson.
- Pérez Cardoso, M., Penedo, A., Vaiño, N. e Vicente, E. (2000). *Valoración por obxectivos e potencialidades en Traballo Social*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Richmond M.E. (1917). *Social diagnosis*. New York: Russell Sage Fundation. [Edición traducida de 2005: *Diagnóstico social*].
- Richmond, M. E. (1922). *What is social case work*. New York: Russel Sage Foundation. [Edición traducida de 1982: *Caso social individual*. ].
- Rodríguez Gómez, G., Gil Flores, J. e García Jiménez, E. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Rozas, M. (1998). *Una perspectiva teórica metodológica de la intervención en Trabajo Social*. Buenos Aires: Espacio Editorial.
- Scaran, M. T. e Genisans, N. (1986). *El Diagnóstico Social*. Buenos Aires: Humanitas.

### **Competencias**

No Plan de Estudos do Título de Grado en Traballo Social indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional, e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica, ou ética.

- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

### **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal.

Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

### **Sistema de avaliación**

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación de exames escritos.

Realizaranse probas escritas eliminatorias da parte de investigación e da parte de diagnóstico.

A avaliación mediante exames ten un peso do 65% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 35%.

É necesario acadar a cualificación mínima de Apto nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

**PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA:** 3,5 ptos.

- Asistencia: 0,9 ptos. (Clases expositivas: 0,4, clases interactivas: 0,4 e titoría en grupo reducido: 0,1)
- Tarefas prácticas: 2,6 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especifícase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e pola asistencia ás clases.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados polas profesoras. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o alumnado ten que poñerse en contacto coas profesoras para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada a acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 10 días hábiles, para solicitar á profesora a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua poderase conservar en cursos posteriores non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido ás profesoras da materia (tfacal@euts.es e malenas@euts.es)

#### SISTEMA DE CONTROL DE ASITENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito (ver tarefas por dispensa de asistencia na web da materia).

O alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto coas profesoras, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior á 10 días desde a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposición: 4 horas

TOTAL: 99 horas

#### Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar o alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese.

Recomendacións previas: Ter superadas as asignaturas de Fundamentos de Traballo Social e Socioloxía Xeral.

#### Observacións

Respecto á bibliografía recoméndase tamén consultar a que se presenta na Guía da materia, posto que é mais completa que a que se inclúe neste programa pola limitación de espazo.

# G3171325 - Política Social e Traballo Social (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2019/2020

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

## Profesora: M<sup>a</sup> Jesús Castro Neo

### Programa

#### Obxectivos da materia

.-Ser capaz de valorar as consecuencias e implicacións que diferentes orientacións en política social teñen para o Traballo Social, así como as achegas do Traballo Social ao deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas sociais.

.-Ser capaz de analizar a natureza dos mecanismos que vehiculan as políticas sociais e as consecuencias de cada un deles en termos de resultados e efectos sobre a desigualdade.

.-Ser capaz de distinguir e recoñecer a articulación de mercado, familia, sociedade civil e estado nas sociedades de benestar e as súas implicacións para o deseño e resultados das políticas.

.-Saber identificar as principais tendencias actuais en materia de política social.

.-Coñecer, comprender e ser capaz de avaliar a articulación territorial e sistémica das políticas de benestar social e os resultados en termos de deseño, implantación e avaliación destas.

#### Contidos

I.- Política Social, Estado de Benestar e Traballo Social .Consecuencias e implicacións que diferentes orientacións en política social teñen para o Traballo Social.

II.- Relacións entre Política Social e Traballo Social. Achegas do Traballo Social ao deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas sociais.

III.- Mecanismos para a aplicación das políticas sociais: resultados e efectos sobre a desigualdade e a exclusión social.

IV.- Políticas Sociais sectoriais en España: sanidade pública, protección social e emprego, vivenda, educación, pensións públicas, e servizos sociais.

V.- A articulación territorial das políticas de Benestar Social.

VI.- O gasto en protección social.

VII.- Tendencias actuais en materia de política social.



## **Bibliografía básica e complementaria**

Alemán, C. e Garces ,J.(Coord.).(1996).*Administración Social: servicios de bienestar social*.Madrid: Siglo XXI.

Alemán C. e Garces ,J.(Coord.).(1998).*Política Socia*. Madrid: McGraw-Hill

Alonso-Olea,B. y Medina,S. (2014).*Derecho de los servicios publicos sociales*.Pamplona:Civitas.

Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en trabajo Social y Asistentes Sociales. (1986).*4 Siglos de acción social de la beneficencia al bienestar social*. Madrid: Autor.

Fernández García, T. e Alemán , C. (Coord.). (2003). *Introducción al trabajo social*.Madrid: Alianza Editorial.

Fernández García, T. e Garcés , J. (Coord.). (1999). *Crítica y futuro del Estado de Bienestar*.Valencia: Tirant lo Blanch.

Fernández García, T e De la Fuente, Y. (Coord.) .(2009). *Política Social y Trabajo Social*. Madrid:Alianza Editorial.

Garces , J.(Coord.). (1996). *Sistema político y administrativo de los servicios sociales*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Gutierrez Resa, A. e Garcés ,J. (Coord.) .(1999). *Los servicios sociales en las Comunidades y Ciudades Autónomas*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Navarro,V.(Coord.). (2004).*El Estado de Bienestar en España*. Madrid:Tecnos.

Pino del, E. e Rubio, M.J. (Eds.).(2013). *Políticas sociales en perspectiva comparada*.Madrid:Tecnos.

Torres López,J.(2019).*La renta básica*.Barcelona:Deusto.

Webs de consulta:

<https://www.lamoncloa.gob.es/Paginas/index.aspx>

<https://www.xunta.gal/portada>

## **Competencias**

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinálase que esta materia contribúe a acadar as seguintes competencias, para lograr os obxectivos propostos para a titulación:

Competencias xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión:

-Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

-Ter capacidade para administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización.

-Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.

-Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.

- Ter capacidade para integrar os principios e normas do Código Deontolóxico de Traballo Social e demostrar competencia no exercicio do mesmo.

-Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementan.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

### **Metodoloxía da ensinanza**

A docencia está organizada en 38 horas distribuídas en sesións no aula e impartidas ao grupo grande. Outras 9 horas a cada grupo nos que se subdivide o grupo grande, distribuídas ao longo do período lectivo en 6 sesións no aula de 1 hora e 30 minutos de duración cada unha, e sesións de 1 hora de titorización presencial en grupos reducidos.. Nas sesións na aula a docencia será de tipo expositivo, con menor participación activa do alumnado, e de tipo interactivo nas que si o alumnado terá unha participación máis activa.

Docencia expositiva: A través de exposicións no aula e dando lugar á participación, a profesora explicará aspectos básicos e centrais de cada tema establecido no programa, aportando información esencial e delimitando conceptos, resaltando os aspectos relevantes e as relacións entre eles.

Docencia interactiva: O alumnado individualmente ou organizado en equipos de traballo desenvolverá actividades que requirirán unha participación activa na construción do seu propio coñecemento. Realizarase a lectura/visionado e análise de textos ou material audiovisual con debate titorizado e/ou preguntas no aula. Utilización de bibliografía, fontes estatísticas ou outros materiais vinculados ao programa académico e complementarios á teoría impartida na asignatura, ben proporcionadas pola profesora ou buscados e aportados polo alumnado, con exposicións por parte de leste dos traballos a realizar no aula. Ademais o/a alumno/a terá que realizar un traballo de curso en grupo segundo as pautas específicas a indicar pola profesora.

Titorización presencial en grupos reducidos: sesións presenciais nas que o/a profesor/a dinamiza, orienta, e supervisa o traballo autónomo do alumnado en grupos reducidos. Así mesmo, permite facer un seguimento e orientación do alumnado na realización das tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento persoal ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías oriéntase e asesorase sobre as actividades e tarefas propostas ao alumnado. Así mesmo resolveranse dúbidas que se lle poidan presentar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

### **Sistema de avaliación**

A valoración da aprendizaxe enténdese como un proceso a través do que se comproba o nivel do logro en relación aos obxectivos sinalados. Toda valoración que hai que realizar responde a unha parte do contido do programa da materia.

A avaliación da materia realizarase mediante unha avaliación continua e a realización dunha proba parcial e exames finais.

A proba escrita e exames finais oficiais terá un valor de 75% sobre a cualificación global, e cumprirá acadar unha puntuación mínima de 4 para poder sumar a puntuación obtida na avaliación continua.

A avaliación continua terá un valor do 25%, e realizarase sobre actividades do alumnado elaboradas a nivel individual ou grupal nas sesións interactivas, e sobre a base de:

1 PUNTO POR : asistencia (na guía da materia especificarase a ponderación)

1,5 PUNTOS POR:

- Elaboración de traballos e / ou exposición dos mesmos na aula
- Lectura e análise de textos, e / ou visionado e análise de material audiovisual
- Intervencións, reflexións, e análise sobre cuestións expostas na aula

As actividades realizadas na aula non son recuperables fora das sesións docentes establecidas, agás que a non asistencia estea xustificada dentro dos supostos legais establecidos.

Teranse en conta para valorar as actividades anteriores criterios como:

- .-Participación activa en clase, tanto espontánea como estruturada, e calidade das mesmas
- .-Capacidade creativa
- .-Entrega en prazo das actividades propostas

A USC é unha Universidade presencial, e o alumnado ten o deber de asistir regularmente ás actividades lectivas programadas.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e as causas polas que se pode xustificar a non asistencia a clase son as establecidas na Regulación que para tal fin aprobou a USC e as normas propias do centro.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación de faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

Nas situacións previstas que imposibilitan manter a dinámica da avaliación continua presencial o alumnado poderá solicitar a dispensa de asistencia, polo procedemento establecido polo centro e nos prazos fixados. Nestas situacións realizaranse as actividades que oportunamente sexan fixadas co correspondente sistema de avaliación.

Os traballos individuais ou grupais realizados polo alumnado terán que ser orixinais. Calquera traballo copiado suporá un suspenso na materia ata a seguinte convocatoria. Para os efectos de avaliación un mesmo traballo non poderá ser utilizado en varias materias, non sendo que as actividades se programen de forma coordinada.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

- .-Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas
- .-Exercicios: 15 horas
- .-Lectura de textos: 15 horas
- .-Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas
- .-Preparación de exposicións orais: 4 horas

### **Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da asignatura necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada da docencia para aclarar e orientar sobre bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese para o/a alumno/a.

### **Observacións**

A asignatura pertence á "Materia: Políticas Sociais e Traballo Social" dentro do "Módulo: O contexto Institucional do Traballo Social".

Recoméndase ter cursadas as asignaturas "Historia dos Sistemas de Benestar Social" e "Fundamentos de Política Social".

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 8.00
- **Total: 8.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Traballo Fin de Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** Traballo Fin de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Cuarto curso

**Profesorado:** Lorena Añón Loureiro  
Xoán Carlos Bascuas Jardón  
Lourdes Besada Agra  
M<sup>a</sup> Jesús Castro Neo  
Teresa Facal Fondo (Coordinadora)  
M<sup>a</sup> Purificación García Álvarez  
Rocío Gómez Juncal  
M<sup>a</sup> Elena Puñal Romarís  
Ana Isabel Souto Gómez

## Programa

### Obxectivos da materia

Obxectivos da materia

- Ser capaz de elaborar e redactar informes de investigación aplicada ao Traballo Social e traballos académicos e profesionais empregando distintas técnicas, incluídas as derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Ser capaz de avaliar situacións persoais e recoller, ordenar, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais e os procedementos institucionais.
- Ser capaz de deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social e planificar de forma negociada unha secuencia de accións e seguir e avaliar o seu desenvolvemento.
- Ser capaz de programar o propio traballo asignando prioridades e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.
- Ser capaz de autoavaliarse no desenvolvemento da práctica e identificar os seus propios límites e carencias profesionais, asumir a responsabilidade da adquisición continuada de coñecementos e destrezas.
- Ser capaz de empregar axeitadamente a supervisión e sistematizar a práctica.
- Ser capaz de contribuír á promoción de boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan.
- Ser capaz de analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotiá como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes.
- Ser capaz de sintetizar información e liñas de razoamento, e sostener un argumento detallado ao longo do tempo
- Ser capaz de presentar conclusións verbalmente e por escrito, facendo uso da terminoloxía propia da profesión de xeito estruturado e axeitado á audiencia para a que teñen sido preparadas.
- Ser capaz de xestionar dilemas e problemas éticos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e

reflexionando sobre os seus resultados.

### **Contidos**

Elaboración dun informe académico. Exposición e defensa pública. Emprego de fontes de información primarias e secundarias. Rexistro da información e documentación empregada. Supervisión e sistematización da información. O informe fin de grado poderá versar sobre: o desenvolvemento e contido do Practicum; un contido relacionado con algunha temática ou colectivo no ámbito social, dende algunha das perspectivas das ciencias sociais.

### **Bibliografía básica e complementaria**

Besada, L., Facal, T., Puñal, M. E., Castro, M. J, García, P., Bascuas, X.C.,... Añón, L. (2019). *Manual para o practicum e o traballo de fin de grao en Traballo Social*. Santiago de Compostela: Andavira editora -Escuela Universitaria de Traballo Social.

Balcells i Junyent, J. (1994). *La Investigación Social. Introducción a los métodos y las técnicas*. Barcelona: PPU.

Callejo, J. (Coord.), Del Val, C., Gutierrez, J. e Viedma, A. (2009). *Introducción a las técnicas de Investigación Social*. Madrid: Ramón Areces.

Caparrós, N. e Raya, E. (Coords.) (2015). *Métodos y técnicas de investigación en Trabajo Social*. Madrid: Grupo 5.

Cea D'ancona, M<sup>a</sup> A.(1996). *Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social*. Madrid: Síntesis.

Cubo, S., Martín, B. e Ramos, J.L. (2011). *Métodos de investigación y análisis de datos en ciencias sociales y de la salud*. Madrid: Pirámide.

Facal, T. (2015). *Guía para elaborar un proyecto de investigación social*. Madrid: Paraninfo.

Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). *El análisis de la realidad en la intervención social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: CCS.

Sierra Bravo, R. (1985). *Técnicas de investigación social. Teoría y Ejercicios*. Madrid: Paraninfo.

### **Competencias**

No Plan de Estudos do Título de Grado en Traballo Social indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ó Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se sustenta nas publicacións máis avanzadas e abrangue algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento en este campo.

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que abranguen unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

- Ser capaces de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas ó Traballo Social a un público tanto especializado como non especializado.

- Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social con un alto grado de autonomía.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

- Saber administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigas profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.

- Investigar, analizar, avaliar e empregar o coñecemento actual das boas prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo.

- Saber traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional empregando a asertividade profesional para xustificar as propias decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e empregando a supervisión como medio de responder ás necesidades de desenvolvemento profesional.

- Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementan.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese

- Capacidade de organización e planificación

- Capacidade de comunicación oral e escrita

- Capacidade de aplicación dos coñecementos de informática

- Capacidade de razoamento crítico

- Capacidade de aprendizaxe autónomo

- Capacidade de creatividade

- Capacidade de motivación pola calidade

### **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía empregada combina a titorización e o traballo persoal do alumno/a. Preténdese que o alumno/a desenvolva as habilidades necesarias para plantexar, desenvolver e expoñer-defender unha investigación.

### **Sistema de avaliación**

A avaliación será continua ao longo do desenvolvemento do Traballo de Fin de Grado e teranse en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia ás sesións de titorías obrigatorias que se establezan.

- Elaboración e presentación do Traballo de Fin de Grao.

- Defensa do Traballo de Fin de Grao.

A elaboración e presentación do traballo ten un peso específico do 75% na cualificación global e a defensa un 25%.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Traballo persoal do alumno/a:

Tarefas de documentación: 61 horas

Elaboración do informe: 130 horas

Total: 191 horas

**Recomendacións para o estudo da materia**

Ter cursadas todas as asignaturas obrigatorias e aquelas optativas que teñan relación directa coa temática sobre a que verse o Traballo de Fin de Grado.

**Observacións**

Para matricularse do Traballo de Fin de Grado é requisito indispensable ter superado 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación. Para a presentación e defensa pública dos TFG será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grado.